



## Concello de Xermade

### CERTIFICACIÓN

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo),

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o 6 de agosto de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **“3.º Adxudicación do SAF.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2019, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **Asunto: Adxudicación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar. Expte. 324/2019.**

Visto o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar, aprobado polo Pleno do Concello de Xermade na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2019. O anuncio de licitación foi enviado ao DOUE o 24/05/2019 e publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 26/05/2019, de xeito que o prazo de presentación de ofertas rematou o 27/06/2019.

Tendo en conta que a mesa de contratación reuniuse o 02/07/2019 para apertura de ofertas, e novamente o 08/07/2019 para coñecer a valoración do sobre B, na que se acordou:

“(…) Aberto o acto pola presidencia, procédese a dar conta do informe emitido pola traballadora social respecto do sobre B presentado por PEOPLE PLUS INNOVATION, S.L.U., de data 8 de xullo de 2019, que se transcribe literalmente:

#### **“(…) 2. XUSTIFICACIÓN DAS PUNTUACIÓNS**

*A valoración da oferta realizarase de acordo cos criterios de adxudicación reflectidos na cláusula 11 dos pregos de cláusulas administrativas particulares e que son os seguintes:*

- *Xestión (máximo 10 puntos):*
  - o *Protocolo de inicio de axuda no fogar: ata 3 puntos*
  - o *Protocolo de seguimento do servizo: ata 7 puntos*
- *Coordinación (máximo 10 puntos):*
  - o *Sistema de información e coordinación interno da empresa: ata 2.5 puntos.*
  - o *Sistema de información e coordinación co concello: ata 2.5 puntos*
  - o *Sistema de información e coordinación cos usuarios e a familia: ata 2.5 puntos*
  - o *Sistema de substitución de auxiliares por imprevistos urxentes: ata 2.5 puntos*
- *Calidade (máximo 10 puntos):*
  - o *Sistema de reclamacións e suxestións por parte dos usuarios e familias: ata 5 puntos*
  - o *Protocolo de actuación dos/as auxiliares ante enfermos/as mentais, termináís, mobilización de persoas dependentes e outras circunstancias excepcionais: ata 5 puntos.*

### **3. MEMORIA DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.**

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLESGKERZ7Y69V9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7



## Concello de Xermade

**ESTE SOBRE CONTERÁ A DOCUMENTACIÓN QUE PERMITA VALORAR A OFERTA DE ACORDO COS CRITERIOS QUE DEPENDEN DUN XUIZO DE VALOR.**

Recibida a documentación do “sobre B”, o Departamento de Servizos Sociais procede a estudar a oferta presentada e emitir o presente INFORME.

Valorarase na medida en que se adecúe ás directrices dos pregos de cláusulas administrativas e pregos de prescricións técnicas, considerando a mellor calidade do servizo, a súa maior amplitude e consistencia dende o punto de vista técnico e económico.

Valorarase con un máximo de 30 puntos segundo os criterios establecidos no ANEXO III dos pregos administrativos.

O procedemento empregado para avaliar a descrición dos traballos e condicións técnicas consiste na lectura e estudo comparado dos criterios establecidos no Prego de Condicións Administrativas da proposta presentada tendo en conta os criterios de calidade, eficacia e eficiencia da organización, así como os aspectos referidos ós recursos humanos, técnicos e materiais, programas informáticos, sistemas de calidade e outras cuestións que redundan nunha maior calidade e estabilidade na prestación do SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR no noso Concello.

Para levar a cabo a valoración dos diferentes criterios descritos nos pregos das cláusulas administrativas emprégase unha táboa para cada bloque obxecto de valoración, que se expón a continuación, onde se avalían os aspectos a ter en conta que dependen dun criterio de avaliación subxectiva.

Finalmente exponse unha táboa resume coa puntuación obtida pola oferta presentada pola empresa licitadora en cada un dos bloques e o resultado final.

### 3.1. BLOQUE 1 (MÁXIMO 10 PUNTOS). Xestión.

Protocolo de inicio de axuda no fogar (máx. 3 ptos)	3 puntos
Protocolo de seguimento do servizo (max. 7 ptos)	5 puntos
<b>TOTAL DA Puntuación</b>	<b>8 puntos</b>

#### Motivación:

Vista a proposta presentada pola empresa licitadora, tivose en conta todas aquelas cuestións que na medida do posible melloren as previsións establecidas como mínimas e obrigatorias nos pregos e na lexislación vixente; procurando valorar aquelas cuestións que, a xuízo da traballadora social, se entendan positivas ou aporten elementos de valor ao proxecto de cara a unha mellor prestación do servizo ás persoas usuarias do concello.

Analizada a documentación da oferta presentada por People Plus Innovation S.L.U., destacar que:

- Se trata de unha proposta ordeada: que facilita a súa lectura e comprensión; seguindo un bo esquema de organización da información. E presenta un modelo de traballo adecuado á realidade deste concello, con aportacións moi interesantes que redundarían na mellora da calidade do servizo a prestar.
- A maiores do establecido, aportan algún protocolo específico sobre cómo actuar ante certas situacións que se dan no día a día do servizo de axuda no fogar, como poden ser os protocolos de xestión dos profesionais do servizo ou os protocolos específicos para a atención a usuarios e usuarias do servizo.
- Con respecto ao protocolo de inicio de axuda no fogar melloran os tempos marcados no prego de prescricións técnicas. Melloran a oferta reducindo os prazos e comprometendose

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLESGKERNZ7Y69W9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 7



## Concello de Xermade

a resolver nun prazo máximo de 5 días naturais unha alta de carácter ordinario e nun máximo de 24 horas para aqueles casos que se consideren de carácter urxente.

- A maiores das visitas bimensuais estipuladas por lei, tamén se comprometen a manter un seguimento vía telefónica bimensual para unha correcta valoración da satisfacción con respecto ao servizo recibido.

- Refiren por en marcha un programa chamado "Axenda de días importantes para o usuario" no que se comprometen a porse en contacto con eles en ocasións especiais para eles como pode ser o seu aniversario.

### 3.2. BLOQUE 2 (MÁXIMO 10 PUNTOS). Coordinación.

Sistema de información e coordinación interno da empresa (máx. 2.5 ptos)	2.5 puntos
Sistema de información e coordinación co concello (max. 2.5 ptos)	2 puntos
Sistema de información e coordinación cos usuarios e familias (max. 2.5 ptos)	2 puntos
Sistema de substitución de auxiliares por imprevistos urxentes (max. 2.5 ptos)	2.5 puntos
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN</b>	<b>9 puntos</b>

#### Motivación:

Visto o apartado do sistema informático e soportes documentais a empregar, a empresa licitadora cumpre cos requisitos establecidos. Cabe destacar que People Plus Innovation S.L.U.:

- Emprega a ferramenta informática chamada GESAD para a xestión do servizo de axuda no fogar. Pola análise feita consideramos que este programa informático cumpre coas funcionalidades necesarias para unha boa xestión e coordinación do servizo.
- En canto á coordinación interna diferencian entre reunións individuais (fixadas como unha hora ao mes por auxiliar) e grupais. Neste último caso, fai distinción entre reunións de coordinación (que serían trimestrais) e reunións para formular simulacións de casos (que serían bimensuais). Este último plantexamento parecenos moi útil posto que é a forma de mellorar o traballo das profesionais que prestan o servizo.
- Tamén aportan un sistema de fichaxe mediante o GESAD NFC, que iría vinculado a un teléfono móbil Smartphone. Este sistema pode ser moi útil xa que a persoa beneficiaria do servizo non ten que aportar ningún recurso e facilita unha fichaxe en tempo real. Alertando ao persoal de coordinación en caso de que a persoa traballadora se demore máis de 10 minutos na hora de entrada ao seu posto de traballo.
- Por outra banda, a empresa oferta un acceso ao programa informático GESAD mediante un usuario e clave de acceso para poder ver tanto datos persoais, como obxetivos do plan de traballo, rexistro tanto de seguimentos como de chamadas, visitas, queixas e reclamacións, os profesionais vinculados, consulta e extracción de informes, programación de horarios e tarefas, así como consulta do control de presenza en tempo real. Valorase como un plantexamento moi interesante para manter un contacto en tempo real co servizo.

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLESGKERNZ7Y69W9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 7



## Concello de Xermade

- Ante a coordinación co concello fan unha proposta baseada na comunicación constante. Algo que considerábase fundamental para unha boa xestión do servizo.
- Propoñen a implantación dunha Comisión de xestión do servizo mediante reunións trimestrais co xefe de servizo máis o persoal de coordinación.
- No tocante á coordinación cos usuarios e familia, aportan unha serie de manuais sobre o servizo e boas prácticas, dereitos e deberes da persoa usuaria, pactos de prestación, etc. Refiren unha adaptación ao Braille no suposto de que fixese falta.
- Tamén aportan un servizo de interpretación de linguaxe de signos mediante videoconferencia para facilitar unha comunicación plena. E de esta maneira, ofrecer unha resposta inmediata ante unha demanda de este tipo.
- Reforzan o contacto permanente e directo coa persoa usuaria así como coas familias. Novamente mencionan as chamadas de adaptación, que neste caso refiren que serían despois do inicio dun servizo novo aos 15 días coa persoa beneficiaria e aos 20 días con algún familiar de referencia. E así valorar o grado de satisfacción do mesmo.
- Ante a substitución de auxiliares, a empresa comprométese a solventar o 100% das baixas que se produzan.
- Manifestan que ante unha ausencia non programada terán unha persoa de retén contratada a xornada parcial para dar cobertura inmediata, mantendoa dispoñible en todo momento e destinada exclusivamente só para este tipo de imprevistos.
- Algo que xa mencionaran anteriormente co control de presenza e que o programa alerta en caso de que pasen 10 minutos da hora establecida como inicio e non se persone ninguén. Polo que tamén teñen un sistema de resposta ante este tipo de imprevistos.

### 3.3. BLOQUE 3 (MÁXIMO 10 PUNTOS). Calidade.

Sistema de reclamacións e suxestións por parte dos usuarios e familias (máx. 5 ptos)	3 puntos
Protocolo de actuación dos/as auxiliares ante enfermos/as mentais, termináis, mobilizacións de persoas dependentes e outras circunstancias excepcionais (max. 5 ptos)	3 puntos
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN</b>	<b>6 puntos</b>

#### Motivación:

Feita a análise no tocante á xestión de calidade na empresa, cómpre destacar que a empresa non menciona ningunha certificación de calidade expresamente. Propón a creación dunha comisión de calidade do servizo.

Á vista da motivación exposta, a táboa-resumo das puntuacións é a que segue:

<b>BLOQUE 1. XESTIÓN</b>	
Protocolo de inicio de axuda no fogar (máx. 3 ptos)	3 puntos
Protocolo de seguimento do servizo (max. 7 ptos)	5 puntos
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN</b>	<b>8 puntos</b>

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLESGKERNZ769W9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7



## Concello de Xermade

<b>BLOQUE 2. COORDINACIÓN</b>	
Sistema de información e coordinación interno da empresa (máx. 2.5 ptos)	2.5 puntos
Sistema de información e coordinación co concello (max. 2.5 ptos)	2 puntos
Sistema de información e coordinación cos usuarios e familias (max. 2.5 ptos)	2 puntos
Sistema de substitución de auxiliares por imprevistos urxentes (max. 2.5 ptos)	2.5 puntos
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN</b>	<b>9 puntos</b>
<b>BLOQUE 3. CALIDADE</b>	
Sistema de reclamacións e suxestións por parte dos usuarios e familias (máx. 5 ptos)	3 puntos
Protocolo de actuación dos/as auxiliares ante enfermos/as mentais, termináis, mobilizacións de persoas dependentes e outras circunstancias excepcionais (max. 5 ptos)	3 puntos
<b>TOTAL DA PUNTUACIÓN</b>	<b>6 puntos</b>
<b>PUNTUACIÓN FINAL</b>	<b>23 puntos</b>

O que informo en Xermade, a 8 de xullo de 2019. Non obstante, a mesa de contratación decidirá o que estime conveniente."

Procédese á apertura do sobre C (Proposición económica e documentación avaliable automaticamente), de xeito que a oferta presentada é a seguinte:

1.- OFERTA ECONÓMICA:

- Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 10%, importe IVE 1,39€/hora. Prezo IVE engadido 15,34€/hora
- Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 4%, importe IVE 0,56€/hora. Prezo IVE engadido 14,50€/hora

2.- MELLORAS:

- Bolsa de horas gratuitas anuais de libre disposición para o concello: 600 horas anuais
- Servizo de préstamo de axudas técnicas:

Grupo de axudas técnicas	Características técnicas	Unidades ofertadas/ano
Grúas de mobilización persoal	Segundo oferta	10
Camas articuladas	Segundo oferta	10
Sillas-bañera	Segundo oferta	Non se especifica

Polo exposto, a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Propoñer a People Plus Innovation S.L. como adxudicatario do contrato de Servizo de Axuda no Fogar que se licita, por ser a oferta que acadou a maior puntuación (97,08 puntos), segundo a táboa:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
People Plus Innovation S.L.	23,00	28,80	51,80

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLESGKERZ7Y69W9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7



## Concello de Xermade

Segundo.- Requerir, de acordo á cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, á empresa que presentou a mellor oferta, para que no prazo de dez (10) días hábiles desde a data do envío da comunicación, achegue a documentación contemplada na citada cláusula."

Tendo en conta que o 11/07/2019 notificouse o requirimento de documentación á proposta como adxudicataria, que achegou a documentación o 24/07/2019 no Rexistro con nº 2019-E-RC-1408.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o 30/07/2019 de fiscalización previa da fase D (n.º 2019-0156), no que se require a emenda de deficiencias.

People Plus Innovation S.L.U. achegou documentación o 02/08/2019 (2019-E-RC-1445) e 05/08/2019 (2019-E-RE-289). Revisada pola Intervención, emitíuse informe favorable á adxudicación, con nº 2019-0165 o 06/08/2019.

O presente acordo adóptase por delegación de competencias do Pleno da Corporación, acordado na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019.

Examinada a documentación que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Adxudicar á empresa People Plus Innovation S.L.U. (CIF B64907975), o contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xermade, por importe de 2.532.164,20 euros (base: 2.420.876,16 euros e IVE: 111.288,04 euros), cunha duración de 4 anos, consonte á oferta presentada:

1.- OFERTA ECONÓMICA:

- Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 10%, importe IVE 1,39€/hora. Prezo IVE engadido 15,34€/hora
- Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 4%, importe IVE 0,56€/hora. Prezo IVE engadido 14,50€/hora

2.- MELLORAS:

- Bolsa de horas gratuítas anuais de libre disposición para o concello: 600 horas anuais
- Servizo de préstamo de axudas técnicas:

Grupo de axudas técnicas	Características técnicas	Unidades ofertadas/ano
Grúas de mobilización persoal	Segundo oferta	10
Camas articuladas	Segundo oferta	10
Sillas-bañera	Segundo oferta	Non se especifica

**SEGUNDO.-** Notificar a People Plus Innovation S.L.U., adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citarlle para a sinatura do contrato que terá lugar en Xermade ás 10:00 horas do día 30 de agosto de 2019, consonte ao disposto na cláusula 20ª do prego e artigo 44 da LCSP.

**TERCEIRO.-** Advertir ao adxudicatario que debe acreditar a disposición dun local antes da formalización do contrato.

**CUARTO.-** Nomear responsable do contrato a Dª. Lorena Bouza Piñón, traballadora social municipal.

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLEGGKERNZ7Y69V9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7





## Concello de Xermade

---

**QUINTO.-** Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público e no Diario Oficial da Unión Europea.

**SEXTO.-** Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei de Contratos do Sector Público.

Xermade, a 6 de agosto de 2019.

O alcalde

Roberto García Pernas  
(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa salvidade establecida no artigo 206, do RD 2568/1096, do 28 de novembro 8ROF), expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, D. Roberto García Pernas, en Xermade, a seis de agosto de dous mil dezanove.

A secretaria-interventora

Visto e praxe  
O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: 5DKLES3GKERZ7Y69W9D TYRHHK | Corrección: <http://concelloxermade.selectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7